



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 14 de xuño de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

9.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR JOSÉ FRAU RUÍZ. EXPTE. 4961/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7/06/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de febreiro de 2018, polo que non se admite neste procedemento a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. por non ter presentado correctamente a declaración responsable incluída no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares.



Segundo.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 15 de maio de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,07
2	ORESA, S.L.	95,63
3	ORECO, S.A.	88,15
4	ELSAMEX, SA	86,95
5	COPCISA, S.A.	85,64
6	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	82,45
7	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	79,84
8	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	78,79

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 819,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 28 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de xuño, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 19/06/2018 13:17

Páxina 2 de 3

Expediente 4961/440

CSV: 29E752-A1C881-A9CHDB-P94VCX-GPZ8VA-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 de abril e 14 de maio de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440) por un prezo total de 455.462,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 79.047,14 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/06/2018 13:17	Páxina 3 de 3
	Expediente 4961/440	CSV: 29E752-A1C881-A9CHDB-P94VCX-GPZ8VA-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		